

# **CICLO TÉCNICO SUPERIOR EN ANIMACIÓN DE ACTIVIDADES FÍSICAS E DEPORTIVAS**

## **módulo PROXECTO INTEGRADO**

**Curso: 2016-2017**

**PABLO ALÉN FEAL**

## ÍNDICE:

1. Identificación da programación.
2. Concreción do currículo.
3. Relación de unidades didácticas, secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha.
4. Unidades didácticas:
  - a) Identificación da unidade didáctica.
  - b) Resultados de aprendizaxe.
  - c) Obxectivos específicos da unidade didáctica, en relación coas actividades de ensino e aprendizaxe.
  - d) Criterios de avaliación.
  - e) Contidos.
  - f) Actividades de ensino e aprendizaxe e de avaliación: materiais, recursos necesarios e instrumentos de avaliación.
5. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación.
6. Metodoloxía didáctica.
7. Procedemento para a recuperación das partes non superadas.
  - a) Procedemento para definir as actividades de recuperación.
  - b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito á avaliación continua.

8. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente.

9. Medidas de atención á diversidade.

a) Procedemento para a realización da avaliación inicial.

b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos

obxectivos programados.

10. Aspectos transversais.

a) Programación da educación en valores.

b) Actividades complementarias e extraescolares.

11. Modificacións propostas a programación do curso anterior.

12. Bibliografía.

## 1. Identificación da programación.

**“La educación no cambia el mundo, cambia a las persoas que van a cambiar el mundo”.**

Influído por esta frase do educador e pedagogo brasileiro Paulo Freire, un dos pensadores mais influentes na educación de finais do século XX, di que a actividade do profesor depende da dos alumnos e ten sentido unicamente na medida que estimulamos e orientamos o esforzo educativo de cada estudante. Esta forma de concibila labor docente suponnos una especial exixencia para os profesores, xa que orientar e estimular un traballo e algo máis complexo que realízalo e, ademais, nos permite substituír a rutina diaria por una **tarefa imaxinativa e creadora**.

A *programación didáctica* e una previsión razoada e razoable que nos permite trasladar o marco escolar os principios pedagóxicos e didácticos, a organización, a normativa e o sistema curricular establecido pola actual lei educativa. Ademais, a necesidade da programación se deriva tamén do feito de que sexa un dos factores que determinan a **calidade de ensinanza**. Igualmente, ésta obriga o profesor a reflexionar sobre os diferentes elementos que conforman súa actividade educativa, contribuíndo así a **mellora da súa competencia docente**.

O proxecto integrado que se inclúe neste ciclo formativo, permite comprender globalmente os aspectos sobresaíntes da competencia profesional deste Ciclo Formativo e que foron abordados ao longo do reto de módulos do ciclo.

Ademais integra ordenadamente distintos coñecementos sobre organización, características, condicións, tipoloxía, técnicas e procesos que se desenrolan en diferentes actividades do sector o que vai dirixido. A súa vez permite adquirir coñecementos, habilidades e actitudes que favorecen o desenrolo das capacidades relacionadas ca profesión e que poden ser demandadas por o

entorno produtivo da cidade ou o entorno de procedencia dos alumnos e que non puideron ser recollidas nos diferentes módulos profesionais.

O centro educativo onde se desenrola esta programación é o **IES Rosalía de Castro**, no concello de Santiago de Compostela no ano 2016 – 2017.

O ciclo formativo o que pertence este módulo é o de **técnico superior en animación de actividades deportivas**.

A **normativa** que da soporte á programación e a seguinte:

- Decreto 91/1999 do 25 de Marzo polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente o título de técnico superior en animación de actividades físicas.
- Decreto 114/2010, do 1 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galicia(DOG do 12 de xullo.
- Orde do 12 de xullo do 2011 pola que se regulan o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial.
- Decreto 229/2011, do 7 de Decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- Lei 10/2014, do 3 de decembro, de accesibilidade( DOG do 17 de Decembro)
- Orde 08/06/2015. DOG do 17 de Xuño polo que se aproba o calendario escolar para o curso 2015/16 nos centros docentes na Comunidade Autónoma de Galicia.

## 2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo.

Este ciclo formativo está dirixido a todas as persoas que queiran formarse como técnicos no ámbito deportivo e busquen unha competencia profesional no seguinte ámbito:

- Ensinar e dinamizar xogos, actividades físico-deportivas recreativas individuais, de equipo e con implementos.
- Actividades de acondicionamento físico básico, adaptándoos ás características do medio e ás dos participantes, conseguindo a satisfacción do usuario e un nivel competitivo de calidade, nos límites de gasto previsto.

Entendemos este documento como parte integrante do proceso de ensinanza aprendizaxe que parte e desarrolla o primeiro nivel de concreción curricular, referida o normativa de base para noso sistema educativo e nosa etapa e de segundo nivel de concreción curricular, e dicir, de decisións de centro no que se sitúan.

Con esta programación didáctica pretendemos:

- Asegurar a coherencia vertical e horizontal no ciclo formativo.
- Contextualizar o currículo oficial a nosa aula e contexto.
- Facilitar o proceso de ensinanza (como documento práctico de consulta).
- Minimizar a improvisación.

E convinte mencionar neste apartado o seguinte:

Aclarar previamente que os **resultados de aprendizaxe** son unha concreción do currículo para facer un currículo algo máis operativo e práctico. Son un paso máis no desenvolvemento curricular. De acordo o didáctico Asturiano, Carlos Suárez López Calleja, na súa formulación hai que ter en conta tres compoñentes de unha

situación competencial: contido a tratar, proceso mental e contexto de traballo na aula o sobre o que buscamos transferencia para a vida.

Con respecto as **actividades de ensinanza** aprendizaxe e convinte que teñan presenza diferentes tipos de actividades que, pola súa finalidade diferenciada, obedezan a distintos criterios (MEC, 1992). A continuación, éstas se presentan recollidas nun cadro resumen:

<b>ACTIVIDADES ENSEÑANZA APRENDIZAXE</b>
<b>De introdución e/o motivación</b>
<b>Detección de ideas e coñecementos previos</b>
<b>Adquisición de novos aprendizaxes</b>
<b>Aplicación de coñecementos a diferentes contextos y situacións</b>
<b>Consolidación o repaso de los contidos tratados anteriormente</b>
<b>Síntese y recapitulación</b>
<b>Reforzo, ampliación o adaptación</b>
<b>Avaliativas</b>
<b>Complementarias y extraescolares</b>

Con respecto os **materiais** empregados nas diferentes unidades didácticas, a selección feita polo noso centro sobre os materiais terá en conta os seguintes criterios: que nos sexan discriminatorios, que permitan o uso comunitario de os mesmos, que eviten o derroche innecesario e a degradación do medio ambiente e que incluían as normas de seguridade.

En todas as unidades será empregado como libro do profesor de rexistro de notas, observación e anotacións das clases e dos alumnos a ferramenta 2.0 additio app:



 <span style="float: right;">Buscar alumno</span>			
Proyecto integrado		First tab	
		Exposicion oral Ley del deporte	Portfolio Primera revision
1. Alhambra, Sergio		0	0
2. Antelo, Alexandre		0	0
3. Barreiro, Raúl		0	0
4. Carregal, Martín		0	0



Os alumnos farán un **portfolio** en google drive onde recopilarán os seus traballos, reflexións e o diario de todas as clases prácticas que imos facendo durante o curso. Cada dúas semanas o profesor avaliará o portfolio de acordo a **rúbrica** presentada no apartado de avaliación.



Por outra banda, toda a **teoría** das unidades presentarase o alumnado a través da plataforma moodle:



Deportes individuais 2016 2017 Estás identificado como Pablo Alén Feal (Salir)  
(Galego (gl))

Página principal ▶ Os meus cursos ▶ Animación de Actividades Físicas ▶ DI Activar edición

**Navegación**

Página principal

- A miña área persoal
- ▶ Páxinas do sitio
- ▶ Meu perfil
- ▼ Curso actual
- ▼ DI
  - ▶ Participantes
  - ▶ Distincións
  - ▶ Xeral
  - ▶ Tema 1 Introducción a los deportes individuales
  - ▶ Tema 2 Atletismo
  - ▶ Tema 3 Habilidades acuáticas
  - ▶ Tema 4 Habilidades Gimnásticas
  - ▶ Tema 5
  - ▶ Tema 6
  - ▶ Tema 7
  - ▶ Tema 8
  - ▶ Tema 9
  - ▶ Tema 10
- ▶ Os meus cursos

**Administración**

- ▼ Administración do curso
- ✎ Activar edición

**Foro de novas**

Rubrica para la evaluación del portfolio

---

**Tema 1 Introducción a los deportes individuales**

Tema 1 Los deportes individuales

---

**Tema 2 Atletismo**

Técnica de carrera

Comenzamos el deporte de atletismo con varios ejercicios para mejorar la técnica de carrera.

- Historia y reglamento
- La marcha atlética
- La carrera.

---

**Tema 3 Habilidades acuáticas**

Primeros temas de habilidades acuáticas

---

**Tema 4 Habilidades Gimnásticas**

**Busca nos foros**

[Busca avanzada](#)

---

**Últimas noticias**

[Engadir un novo tema](#)...

(Ainda non foi comentada ningunha)

---

**Próximos eventos**

Non hai actividades próximas

[Ir ao calendario...](#)

[Nova actividade...](#)

---

**Actividade recente**

Actividade desde Sábado, 15 de Outubro do 2016, 12:16

[Informe completo de actividade recente](#)

Sen novidades desde o seu último acceso

Os **obxectivos xerais** do ciclo son:

- Aplicando os procedementos e os fundamentos científicos e didácticos oportunos, confeccionar e implementar programacións de ensinanza/animación de actividades físico-deportivas individuais, de equipo e con implementos.
- Aplicalos fundamentos científicos e didácticos que deben considerarse no ensino para optimiza-la aprendizaxe das habilidades motrices elementais dos deportes individuais, de equipo e con implementos.
- Analizar e executa-las operacións necesarias para o desenvolvemento de actividades físico-deportivas individuais , de equipo e con implementos.
- Confeccionar e implementar programacións de actividades básicas de acondicionamento físico, científica e didacticamente fundamentados , tendo en conta as características do público ó que se dirixen e as condicións do medio onde se van desenvolver.
- Coñecela lexislación vixente aplicable á seguridade e hixiene en ximnasios, polideportivos e piscinas , así como o procedemento a seguir

en caso de diferentes sinistros, e domina-las técnicas de evacuación, rescate acuático e administración de primeiros auxilios.

- Caracterizar xogos de diferente tipo como recurso para optimizar aprendizaxes motrices ou dos outros ámbitos e valora-la metodoloxía lúdica en animación deportiva.
- Caracteriza la profesión de animador de actividades físico-deportivas, contextualizándoa nos ámbitos de intervención social, lecer , recreación e turísticos.
- Verifica la calidade da actividade realizada , confrontando os resultados obtidos cos resultados previstos , e interpreta-la información proporcionada polos clientes e por outros medios establecidos, identificando as causas ou motivos das posibles desviacións respecto ó previsto , introducindo as correccións oportunas co fin de que se consigan os obxectivos marcados.
- Comprende lo marco legal, económico e organizativo que regula e condiciona as actividades profesionais da recreación deportiva, identificando os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais, e adquirindo a capacidade de segui-los procedementos establecidos e de actuar con eficacia diante das contingencias que poidan presentarse.
- Utilizar e buscar fontes de información relacionadas co exercicio da profesión que posibiliten o coñecemento e a inserción no sector das actividades físicas e/ou deportivas e a evolución e adaptación das capacidades profesionais propias ós cambios tecnolóxicos e organizativos que se producirán ó longo de toda a vida activa.

A secuenciación de obxectivos xerais para o módulo son:

- Verificar a calidade da actividade realizada, confrontando os resultados obtidos cos
- resultados previstos, e interpretar a información proporcionada polos clientes e por outros medios establecidos, identificando as causas ou motivos respecto o previsto, introducindo las correccións oportunas co fin de que se consigan os obxectivos marcados.

- Comprender o marco legal, económico e organizativo que regula e condiciona as
- actividades profesionais da recreación deportiva, identificando os dereitos e obrigacións que se derivan das relacións laborais e adquirindo a capacidade de seguir os procedementos establecidos e de actuar con eficacia diante das continxencias que poidan presentarse.
- Establecer unha eficaz comunicación verbal, escrita y xestual para transmitir e recibir correctamente información e resolver situacións conflitivas, tanto no ámbito das relacións no entorno de traballo como nas relacións co cliente.
- Utilizar e buscar fontes de información e formación relacionadas co exercicio da profesión que posibiliten o coñecemento e a inserción no sector das actividades físico e/ou deportivas así coma a evolución e adaptación das capacidades profesionais propias, os cambios tecnolóxicos e os organizativos que se producirán ao longo de toda a vida activa.

Os **obxectivos didácticos** da asignatura de proxecto integrado son:

- Analizar a interrelación e contribución das distintas etapas da organización, programación e control dun proxecto.
- Determinar a cantidade de recursos e a metodoloxía empregada en cada unha das
- etapas do proxecto.
- Comprender o marco legal, económico e organizativo que regula e condiciona as actividades profesionais da recreación deportiva, identificando os dereitos e obrigacións que se derivan na súa aplicación.
- Analizar a interrelación e contribución das distintas etapas da organización, programación e control dun proxecto.
- Coñecer a lexislación deportiva existente e aplicala ante distintos supostos prácticos tratados na clase referidos a constitución e aplicación de clubs deportivos, asociacións deportivas, actividades de temporada, actos puntuais deportivos, campamentos, etc...

- Determinar a cantidade de recursos e a metodoloxía empregada en cada unha das etapas do proxecto.
- Coñecer a Realidade (Entorno Físico, Humano e de Mercado) dun municipio no cal presentaremos o noso proxecto de actividades, así como dispoñer do procedemento de como chegar a coñecer dita realidade.
- Aplicar métodos de recollida de datos para o coñecemento da Realidade desexada. Utilizar a matriz DAFO de cara a valoración e aplicación do noso proxecto en función dos parámetros observados na citada matriz.
- Coñecer as características principais dos clientes segundo a idade de referencia e os seus comportamentos madurativos e intervir axeitadamente nos casos a traballar.
- Vivenciar a aplicación de distintos clientes con distintas idades (alumnos do centro de distintos niveis...) en proxectos grupais traballados en grupos de seis compoñentes.
- Adaptar as actividades e tarefas propostas nos proxectos traballados en grupo a clientes de distintas idades e características.
- Propoñer consignas, adaptacións, modificacións nas tarefas propostas na aplicación dos proxectos segundo respondan os clientes segundo a súa idade cronolóxica e biolóxica de referencia ou o seu nivel madurativo.
- Poñer en práctica estratexias pedagóxico-didácticas e consignas na aplicación de actividades físico-deportivas e recreativas, tanto no proxecto individual como no grupal.
- Coñecer a planificación deportiva municipal segundo sexa o seu tamaño (menos de 5000, de 5000 a 15000 y máis de 15000 habitantes)
- Comprender a ubicación dos proxectos deportivos dentro da planificación municipal, así como os distintos organismos de actuación que interveñen dende a súa presentación ata a súa posta en práctica.
- Coñecer e vivenciar os modelos de xestión deportiva segundo o municipio ou os proxectos a aplicar.
- Realizar un Proxecto Deportivo a nivel Individual segundo os apartados tratados na clase para a “Realidade” analizada na U.D. Anteriormente tratada (“Concello, empresa, asociación”...)

- Adaptar un proxecto deportivo individual ás necesidades dunha realidade estudada previamente, razoando e cumprimentando todos os apartados propostos polo profesor (máis ós que os alumnos consideren que poden ampliar) para dar resposta as carencias da citada realidade (concello, empresa, asociación, colectivo...).
- Análise das peculiaridades dunha empresa de actividades físico-deportivas.
- Planificación dos investimentos necesarios.
- Determinación da lexislación para a constitución dunha empresa do sector.

Referente os **contidos** distinguimos entre:

### **CONCEPTUAIS**

- Delimitación teórica do campo profesional. Marco legal.
- Análise da realidade das múltiples intervencións que se desenrolan na actualidade.
- Metodoloxía.
- Deseño de diferentes proxectos de animación e físico-deportivos. Metodoloxía a utilizar.

### **PROCEDIMENTAIS**

- Elaboración de análise da realidade.
- Realización de proxectos de corta e media duración.
- Execución de proxectos de corta duración.

### **ACTITUDINAIS**

- Comunicación empática e interese polas relacións humanas.
- Predisposición cara a resolución de conflitos.
- Actitude reflexiva sobre a súa propia acción profesional.
- Participación e cooperación no traballo de equipo.

Por outra banda, entendemos que este módulo está tamén directamente vinculado coa Unidade de Competencia nº 6, xa que a súa finalidade é tamén a elaboración dun proxecto para a creación dunha empresa orientada ao ámbito das actividades físicas e deportivas. Esta conexión establecémola a través das seguintes realizacións da U.C nº 6 :

- Obter, organizar e valorar a información necesaria para realizar estudos que permitan avaliar a posibilidade de implantación dunha pequena empresa, área, departamento do sector e/ou o establecemento de obxectivos e actividades que se poidan ofertar, aplicando os procedementos e técnicas adecuadas.
- Definir o programa xeral de actividades de acordo cos obxectivos establecidos e os recursos dispoñibles.
- Organizar e xestionar os recursos humanos, materiais e económicos, optimizando a súa asignación de acordo cos obxectivos establecidos.
- Controlar e avaliar o programa de actividades, asegurando a súa correcta execución e a calidade do servizo prestado.

**3. Relación de unidades didácticas, secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha.**

	<b>Unidade didáctica</b>
<b>1</b>	Análise da lexislación deportiva. Comezo do desenvolvemento dun proxecto individual.
<b>2</b>	Análise da realidade
<b>3</b>	Descrición das características dos usuarios
<b>4</b>	A planificación deportiva municipal
<b>5</b>	Plans deportivos
<b>6</b>	Programas deportivos
<b>7</b>	Proxectos deportivos
<b>8</b>	Outras partes dun proxecto individual.
<b>9</b>	Tarefas a realizar antes de iniciar o proxecto.
<b>10</b>	Diferentes recursos.
<b>11</b>	Elaboración de empresa definindo fases

Os días de clase da asignatura serán, os mércores e xoves, no horario de 10:40 a 12:00 y 11:20 a 12:40 o xoves.



## 4. Unidades didácticas:

A continuación mostrase os seguintes **elementos** das unidades didácticas do curso:

- a) Identificación da unidade didáctica.
- b) Resultados de aprendizaxe.
- c) Obxectivos específicos da unidade didáctica, en relación coas actividades de ensino e aprendizaxe.
- d) Criterios de avaliación.
- e) Contidos.
- f) Actividades de ensino e aprendizaxe e de avaliación: materiais, recursos necesarios e instrumentos de avaliación.

### 1º TRIMESTRE

- ✓ Análise da Lexislación Deportiva.
- ✓ Análise da Realidade de cara á aplicación dun Proxecto de Actividades ou da implantación dunha empresa de servizos deportivos.
- ✓ Descrición e características dos usuarios segundo grupos de idade (clientes potenciais do noso proxecto).
- ✓ A Planificación Deportiva Municipal
- ✓ Plans Deportivos
- ✓ Programas deportivos
- ✓ Proxectos deportivos

### 2º TRIMESTRE

- ✓ Desenrolo dun Proxecto Individual
- ✓ Obxectivos, contidos, Actividades (temporalización), Metodoloxía,
- ✓ Avaliación

- ✓ Tarefas a realizar antes de iniciar (Permisos, Seguros, Difusión (Cartel, trípticos))
- ✓ Recursos Humanos, Materiais e Económicos (Ingresos, gastos, balance)
- ✓ Elaboración dunha empresa de actividades definindo as fases para a súa constitución legal

## **UNIDADE DIDÁCTICA 1.**

### **ANÁLISE DA LEXISLACIÓN DEPORTIVA**

#### **RESULTADOS DE APRENDIZAXE DO CURRÍCULO QUE SE TRATAN**

- Elaboralo deseño dunha empresa de actividades físico-deportivas, definindo as fases para a súa constitución legal.

#### **OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DO PROXECTO PARA ESTA U/D**

- Comprendelo marco legal, económico e organizativo que regula e condiciona as actividades profesionais da recreación deportiva, identificando os dereitos e obrigacións que se derivan na súa aplicación.
- Analizala interrelación e contribución das distintas etapas da organización, programación e control dun proxecto.
- Coñecela lexislación deportiva existente e aplícala ante distintos supostos prácticos tratados na clase referidos a constitución e aplicación de clubs deportivos, asociacións deportivas, actividades de temporada, actos puntuais deportivos, campamentos, etc...

#### **CONTIDOS**

- Lei Xeneral del Deporte de 1990
- Lei 11/1997 xeneral del Deporte de Galicia do 22 de agosto de 1997 (DOGA 4 de setembro de 1997)
- Lei 3/2012 de 2 de abril do Deporte de Galicia (DOGA 13 de abril de 2012)

#### **TEMPORALIZACIÓN**

5 Primeiras sesións, no primeiro trimestre.

#### **CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

- Coñecela organización e a estrutura dos organismos y das entidades deportivas.

- Coñecela figura profesional do animador deportivo: funcións e formación técnico- deportiva.
- Coñecela lexislación deportiva existente aplicándoa nos supostos prácticos realizados na clase.

### **ACTIVIDADES DE E/A E XUSTIFICACIÓN**

- Por grupos traballaran a lexislación deportiva existente presentándolle distintos formatos de traballos de dinámica grupal para a súa comprensión, estudo, debate e coñecemento prático.
- Póñense e grupos de 5 (6 grupos) e preséntanselle 6 sobres que conteñen unha tarefa- suposto práctico a realizar cada un. Cada grupo colle un sobre cunha tarefa e coa axuda das fotocopias das tres leis resollen, comentan e expoñen ante os demais grupos as conclusións as que chegaron.
- Exemplo de tarefas nos sobre serían (“queredes montar un Club de Orientación Deportiva seguindo os requisitos legais para elo”, ¿como o facedes?).
- A mesma dinámica que antes dándolle noticias, recortes de periódicos,... para que traballen sobre supostos de práctica deportiva a nivel de clubs, campamentos, actos puntuais, etc.
- Extraescolares, asociacións deportivas, actividades de mantemento, discapacitados, etc., e a súa aplicación segundo a normativa legal.

### **MATERIAIS E RECURSOS NECESARIOS PARA A SÚA REALIZACIÓN**

- Recortes de periódicos
- Artigos de revistas
- Noticias
- Galicia saudable
- Fotocopias da lexislación exposta nos contidos (Leis do Deporte do 90 (estatal) e galegas do 97 e 2012).

### **ACTIVIDADES DE AVALIACIÓN E A SUA XUSTIFICACIÓN**

- Traballarán en grupos e exporán o traballo diante dos demais para o cal terase en conta a boa exposición, a utilización da lei axustada o suposto e a súa aplicación segundo o tema tratado, así como do desenrolo, exemplificacións, etc.

### **INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN**

- Lista de asistencia.
- Caderno do profesor.

- Lista de control da avaliación cualitativa.

## **UNIDADE DIDACTICA 2.**

### **ANÁLISE DA REALIDADE DE CARA Á APLICACIÓN DUN PROXECTO DE ACTIVIDADES OU DA IMPLANTACIÓN DUNHA EMPRESA DE SERVICIOS DEPORTIVOS**

#### ***Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan***

- Analizala contorna cara a posible implantación dunha empresa de actividades físico-deportivas.
- Elaboralo deseño dunha empresa de actividades físico-deportivas, definindo as fases para a súa constitución legal.

#### ***Obxectivos específicos do proxecto para esta u/d***

- Analizala interrelación e contribución das distintas etapas da organización, programación e control dun proxecto.
- Determinala cantidade de recursos e a metodoloxía empregada en cada unha das etapas do proxecto.
- Coñecer a Realidade (Entorno Físico, Humano e de Mercado) dun municipio no cal presentaremos o noso proxecto de actividades, así como dispoñer do procedemento de como chegar a coñecer dita realidade.
- Aplicar a entrevista coma un método de recollida de datos para o coñecemento da realidade dun entorno onde desenvolver o proxecto.
- Utilizar a “matriz DAFO” de cara a valoración e aplicación do noso proxecto en función dos parámetros observados na citada matriz.

#### ***Contidos***

- A Enquisa como elemento de recollida de información.
- A matriz DAFO como elemento para o análise da realidade dun municipio de cara a aplicación dun proxecto de actividades.

#### ***Temporalización***

5 seguintes sesións, no primeiro trimestre.

#### ***Criterios de avaliación***

- Coñecer a Realidade (Entorno Físico, Humano e de Mercado) dun municipio no cal presentaremos o noso proxecto de actividades empregando as ferramentas traballadas en clase (entrevista, DAFO).
- Obter a información necesaria para o coñecemento do entorno físico, humano e de mercado da contorna de aplicación do noso proxecto.

#### ***Actividades de e/a e xustificación***

Explicación na clase da ficha-guión dos puntos-apartados do traballo, e dos distintos instrumentos para a obtención da información así como a interpretación desa información de cara a aplicación do noso proxecto.

Utilización das ferramentas explicadas en clase para coñecer a realidade onde desenvolver o proxecto individual.

#### ***Materiais e recursos necesarios para a súa realización***

- Ficha explicativa do guión do Traballo (Proxecto Integrado individual) referida a Análise da Realidade.
- Fotocopias dos elementos de obtención da información, matriz dafo...
- Powerpoint.
- Esquemas.

#### ***Actividades de avaliación e a súa xustificación***

Os alumnos presentarán o final do trimestre a primeira parte do seu proxecto de traballo individual referido ó análise da realidade da contorna na que se vai presentar ou se ten intención de levala a cabo.

#### ***Instrumentos de avaliación***

Caderno do profesor cos criterios para valorar o traballo.

Documento onde se analice o entorno onde desenvolver o proxecto e as ferramentas empregadas para a obtención de datos.

## **UNIDADE DIDACTICA 3.**

### **Descrición e características dos usuarios según grupos de idade (clientes**

#### ***Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan***

- Analizala poboación que integra o contorno elixido cara a posible implantación dunha empresa de actividades físico- deportivas.

- Programa-las actividades a desenvolver na empresa de actividades físico-deportivas.

### ***Obxectivos específicos do proxecto para esta u/d***

- Coñecer as características principais dos clientes segundo a idade de referencia e os seus comportamentos madurativos e intervir axeitadamente nos casos a traballar.
- Coñecer a variable Cliente (alumnos do centro de distintos niveis...) en Proxectos Grupais traballados en grupos de seis compoñentes.
- Adaptar as actividades e tarefas propostas nos proxectos traballados en grupo a clientes de distintas idades e características.
- Propoñer consignas, adaptacións, modificacións nas tarefas propostas na aplicación dos proxectos segundo respondan os clientes segundo a súa idade cronolóxica e biolóxica de referencia ou o seu nivel madurativo.
- Poñer en práctica estratexias pedagóxico-didácticas e consignas na aplicación de actividades físico-deportivas e recreativas, tanto no proxecto individual como no grupal.

### ***Contidos***

- As características principais dos clientes segundo a súa idade de referencia.
- Estratexias de intervención segundo a súas características madurativas.
- Idade madurativa e comportamentos característicos.
- Estratexias didáctico-pedagóxicas e a súa aplicación de cara a realización de actividades físico-deportivas e recreativas.
- Posta en práctica de “proxectos grupais” e aplicación práctica do aprendido, así como no “proxecto individual”.

### ***Temporalización***

3-4 sesións de explicación, así como “outras sesións” de aplicación práctica dos proxectos

grupais segundo a dispoñibilidade de instalacións e de grupos de alumnos (do centro ou doutras disposicións...), xa que en coordinación con vicedirección busquei a citada dispoñibilidade pero trátase dun centro moi grande con moito profesorado polo que e difícil concretar e precisar a distribución horaria.

### ***Criterios de avaliación***

- Coñecer as características principais dos clientes segundo a idade de referencia e os seus comportamentos madurativos e intervir axeitadamente nos casos a traballar.
- Poñer en práctica estratexias pedagóxico-didácticas e consignas na aplicación de actividades físico-deportivas e recreativas (tanto no proxecto individual como no grupal), en base a comportamentos madurativos xurdidos das características principais dos clientes segundo a súa idade de referencia.

### ***Actividades de e/a e xustificación***

Realizaranse Proxectos Grupais en grupos de 6 alumnos segundo un número de clientes establecido para unha idade concreta e coñecida de antemán.

Porano en práctica no pavillón, no aparcamento de fora ou onde consideren (alameda, parque...) segundo sexan as necesidades das tarefas, metodoloxía aplicada (circuíto, estacións,...), materiais necesarios e características dos clientes.

Cada último xoves de cada mes aplicarán na práctica o seu proxecto un grupo distinto en

onde os demais alumnos do ciclo colaborarán, axudarán ou realizarán as tarefas que o grupo director (o que fai o proxecto) considere.

### ***Materiais e recursos necesarios para a súa realización***

- Ordenador con proxector e pantalla.
- Fichas-esquema de traballo ou apuntes (se se da o caso).
- Equipamentos dispoñibles (somos sete profesores de Física no departamento) na instalación necesaria e dispoñible, segundo a actividade a tratar e a idade dos clientes (aros, pelotas, cordas...) para a aplicación do seu proxecto grupal.

### ***Actividades de avaliación e a súa xustificación***

- Traballos grupais na clase e a súa exposición.
- Probas escritas, de darse o caso, segundo sexa a exposición grupal do traballo.
- Deseño e execución dun proxecto de curta duración en grupos. Na posta en práctica do proxecto grupal avaliarase:
- A presentación previa do traballo por escrito (unha semana máis ou menos antes da súa posta en práctica).
- Consulta de dúbidas e resposta de preguntas sobre o mesmo.

- Aplicación en si: tempo de práctica eficaz, explicación das tarefas, tempo de traballo, realización de exercicios, aplicación da metodoloxía correcta (circuíto, etc...)
- Os APARTADOS a seguir para a posta en práctica do Proxecto Grupal (tratados tamén posteriormente, a nivel xeral, nos CRITERIOS DE PROMOCIÓN, para todas as Unidades Didácticas nas que se traballen estes Proxectos de Curta Duración en Grupos) serán:
  - 1.- Introducción
  - 2.- Xustificación
  - 3.- Recursos humanos
  - 4.- Localización e duración
  - 5.- Plan B
  - 6.- Difusión do Proxecto
  - 7.- Obxectivos
  - 8.- Contidos
    - Conceptuais
    - Procedimentais
    - Actitudinais
  - 9.- Actividades
    - Explicación metodolóxica (estacións, circuíto, con tempo, sen tempo...)
    - Desenrolo de cada actividade
  - 10.- Organización
  - 11.- Conclusión

***Instrumentos de avaliación***

- Lista de asistencia.
- Caderno do profesor.
- Lista de control da avaliación cualitativa.



## UNIDADE DIDACTICA 4.

### A planificación deportiva municipal (plans, programas e proxectos deportivos)

#### **Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

- Analizalo contorno cara a posible implantación dunha empresa de actividades físico- deportivas.
- Elaboralo deseño dunha empresa de actividades físico-deportivas, definindo as fases para a súa constitución legal.

#### **Obxectivos específicos do proxecto para esta u/d**

Coñecer a planificación deportiva municipal segundo sexa o seu tamaño (menos de 5000, de 5000 a 15000 y máis de 15000 habitantes)

Comprender a ubicación dos proxectos deportivos dentro da planificación municipal, así como os distintos organismos de actuación que interveñen dende a súa presentación ata a súa posta en práctica.

Coñecer e vivenciar os modelos de xestión deportiva segundo o municipio ou os proxectos a aplicar.

#### **Contidos**

Os plans deportivos.

Os programas deportivos. Os proxectos deportivos.

Organismos que interveñen a nivel de aplicación dos proxectos deportivos. Os modelos de xestión deportiva municipal.

#### **Temporalización**

3-4 Sesiões aproximadamente.

Plans-programas e proxectos. Xestión directa e xestión indirecta. **Criterios de avaliación**

Comprender a ubicación dos proxectos deportivos dentro da planificación municipal, así como os distintos organismos de actuación que interveñen dende a súa presentación ata a súa posta en práctica.

Coñecer e vivenciar os modelos de xestión deportiva segundo o municipio ou os proxectos a aplicar.

#### **Actividades de e/a e xustificación**

Exposición teórica da planificación deportiva municipal e os seus modelos de xestión deportiva (esquema explicativo)

Traballos grupais de comprensión do anterior e exposición en grupo.

Debate exemplificativo de distintos concellos (coñecidos polos alumnos sobre os que fixeron o anterior “análise da realidade” e teñen pensado presentar o seu proxecto individual alí) e comprensión dos distintos plans deportivos e os seus modelos de xestión.

### ***Materiais e recursos necesarios para a súa realización***

Ordenador con proxector e pantalla.

Fichas-esquema de traballo ou apuntes (se se da o caso). Powerpoints.

Vídeos. Revistas.

